



Miguelanxo Prado  
Trazo de tiza



**guia de lectura**  
**e-club de lectura do cómic**

**NORMA**  
Editorial

**Guía número 01**  
**2 Trimestre**  
**Curso 08/09**

Guía realizada por: David Pérez Rego (Biblioteca Municipal do Porriño)

Biblioteca Municipal do Porriño  
R/ Domingo Bueno, 9. 36400, O Porriño (Pontevedra)  
[biblioteca@centroculturalporrino.com](mailto:biblioteca@centroculturalporrino.com). Tel. 986337624

Xaneiro, 2009



## Presentación

O cómic é unha forma de expresión artística cada vez máis coñecida polo público, apreciada pola crítica cultural e presente nos medios de comunicación. Sen embargo, pode plantexar algunhas dificultades a quen non coñece esta arte ou ten nela unha visión parcial, en especial si as súas lecturas se reducen unicamente á infancia.

É posible expresar ideas complexas, sentimentos e emocións a través do cómic? Hai obras que mereza a pena ler pola súa calidade artística e literaria? Por suposto.

Trazo de Tiza, de Miguelanxo Prado, é unha boa oportunidade para introducirse nunha arte en desenvolvemento. Sen embargo, debes ser conscientes de que esta obra representa unha pequena parte dun mundo moi amplo, en cambio constante, que agrupa estilos completamente diferentes ao que ides coñecer.

Estamos seguros de que, si seguides sentindo curiosidade, atoparedes obras que os sorprendarán, divertirán e emocionarán.

As páxinas que seguen pretenden servir de orientación na lectura de Trazo de tiza. Poderedes ler unha biografía de Miguelanxo Prado, unha análise da súa produción, e, en especial da que nos toca, e algúns comentarios que vos axudarán a recoñecer máis elementos da obra que os que unha lectura superficial permite. Tamén introducimos algunhas preguntas que deberedes responder no e-club de lectura do cómic da Biblioteca do Porriño.

Feliz lectura!

## Como participar no e-Club

- Entra na páxina <http://biblioporrinocomic.wordpress.com/>
- Selecciona a categoría "IESRibeira"
- Escolle o cómic a tratar
- Publica un comentario incluíndo no apartado "nome": *IESRibeira* e asinado co teu nome e apelidos

## Miguelanxo Prado



Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) é o autor máis importante na historia da banda deseñada galega e un dos autores españois máis reputados e respectados internacionalmente, sendo a súa obra de maior repercusión a multipremiada "Trazo de Tiza" (1992).

Afeccionado á pintura e á lectura dende mozo, Miguelanxo Prado descubriu o cómic e interesouse polo medio aos 20 anos (impresionado por autores como Moebius e Sergio Toppi), abandonou os estudos de arquitectura e decidiuse a dedicarse profesionalmente á historieta, iniciando pronto unha traxectoria ascendente nas revistas de cómics para adultos dos 80, publicando nalgunhas das cabeceiras máis emblemáticas da época (Zona 84, Comix Internacional, 1984, Cairo, Cimoc), así como no semanario de cómic de humor El Jueves.

Ao longo da década dos 90, tras a caída das revistas de historietas, a súa produción convértese en máis escasa e dispersa, e realiza traballos noutros medios, como a ilustración, deseño de personaxes para TV (en España, para o popular programa infantil da TVG *Xabarín Club*, en EEUU para a serie de animación de *Men in Black* producida por Steven Spielberg). Prado tamén foi un dos autores europeos que foi contactado por Kodansha (unha das editoriais de cómics máis importantes do Xapón) na década dos 90 para realizar cómics directamente para Xapón, e aínda que non realizou historietas novas directamente para os nipóns si que publicou con eles historias xa realizadas con anterioridade. Dende 1998, é tamén director de "Viñetas dende o Atlántico", o Salón do Cómic que se celebra cada verán na Coruña.

No 2003, foi un dos autores escollidos directamente por Neil Gailman, guionista británico, auténtica estrela e best-seller do cómic-book Usa, grazas á súa serie *The Sandman* (DC Comics/Vertigo), para participar na novela gráfica colectiva *The Sandman: Endless Nights* (formada por varias historias curtas debuxadas por varios autores, un dos eventos editoriais do cómic USA do 2003), na que tamén participan autores da talla de Milo Manara, Frank Quitely o Bill Sienkiewicz.

Dende o verán de 2003, Miguelanxo Prado realiza novas historietas curtas de *Quotidianía Delirante* para El Jueves. Segundo declaracións de Prado nunha entrevista aparecida en Nemo #27, "O compromiso teórico

é facer unha historia mensual. A miña intención é cumprir, pero sempre me esvaezo... Está claro que teño en serio problema cos reloxo e calendarios.”



Stratos



Tangencias



Crónicas  
incongruentes



Quotidianía  
delirante



Trazo de tiza

## Monografías

***Fragmentos da enciclopedia délfica.*** Álbum que recompila historietas publicadas orixinalmente na revista 1984 (Toutain Editor) entre 1982 e 1983. Editado en álbum por Toutain no 1985, logo reeditado por Norma Editorial no 1996.

***Stratos.*** Álbum que recompila historietas publicadas orixinalmente na revista Zona 84 (Toutain Editor) entre 1984 e 1985. Editado en álbum por Toutain en 1987, logo reeditado por Norma Editorial no 1996.

***Crónicas Incongruentes.*** Álbum que recompila historietas publicadas na revista Comix + Ilustración (Toutain Editor) entre 1985 e 1986. Recolle seis historietas curtas nas que o autor, dende unha perspectiva case sempre (excepto nun caso) de humor e buscando a esaxeración ata situacións absurdas, toca temas da nosa realidade cotián para criticar de forma aberta aspectos da sociedade humana como a burocracia, a xustiza, a actividade da policía, os malos tratos infantís (sendo esta a única historia carente de toque humorístico) ou a violencia no deporte. Crónicas incongruentes foi o primeiro traballo a cor de Prado, un aspecto do seu traballo polo que logo destacaría indubidablemente a nivel mundial, e supuxo un cambio de rexistro ao humor respecto aos seus anteriores álbumes. Foi publicado en álbum por primeira vez por Norma Editorial no 1990 (dentro da Colección Pandora #6, en tapa branda) e posteriormente reeditada pola mesma editorial no 2003 (dentro da Colección Miguelanxo Prado #9, en tapa dura).

***Quotidianía Delirante.*** Serie de historietas curtas a cor realizadas para El Jueves, recompilada en dous álbumes da colección Pendones do Humor en 1988 e 1990 (recollendo material publicado en 1986-87 e 1987-89 respectivamente). Norma Editorial publicou un terceiro álbum da serie en 1996 con material de diversa procedencia, e no 2003 edita unha edición integral en álbum coa obra completa. Por esta obra recibiu (mercidamente) o Premio á Mellor Obra no Salón do Cómic de Barcelona 1989.

***Tangencias*** (Norma Editorial, 1995). Álbum que recolle historietas publicadas nas revistas *Cairo* e *Cimoc* entre 1987 e 1995.

***Trazo de Tiza*** (Norma Editorial, 1993). Álbum que recolle a historia previamente en serie de *Cimoc* (1992-93). Premio á Mellor Obra no Salón do Cómic de Barcelona 1994.

***Pedro e o lobo*** (Norma Editorial, 1998). Adaptación do conto popular do ruso Sergei Prokofiev.

***A Mansión dos Pampín*** (Norma Editorial, 2005). Álbum "de encargo", que o autor describe como "unha Cotidianía Delirante longa, de 48 páxinas" que foi publicado inicialmente en galego e enmarcado dentro da iniciativa "Proxecto Terra". Tratábase dun proxecto do Colexio Oficial

de Arquitectos de Galicia (recordemos que Prado estudou arquitectura, aínda que finalmente dedicouse ao cómic e a ilustración) que presenta materiais en diferentes soportes e formatos para promover a incorporación da arquitectura en Educación Secundaria. O cómic presentouse en xuño de 2004 aos medios de comunicación para a súa posterior distribución en todos os institutos de educación secundaria de Galicia, e uns meses máis tarde, Norma Editorial publicou unha versión en castelán para a súa venda en toda España. Curiosamente, dáse a circunstancia de que o álbum recibiu no Salón do Cómic de 2005 o Premio á Mellor Obra e ao Mellor Álbum, un dobrete desproporcionado para a relevancia da obra e que segundo contan fontes fiables, sorprendeu incluso ao propio autor.

**De profundis** (2007). Miguelanxo dirixe a primeira película feita de pinturas ao óleo animadas da historia. Trátase dunha gran metáfora de 75 minutos, un poema visual e musical. A filme non ten diálogos, unicamente poesía en off e a música de Nani García. Segundo Prado, a película "non quere convencer, senón suxerir. Non pretende impor a súa realidade ao espectador a través do prodixio técnico, senón conseguir a súa complicidade sentimental e estética. Foi nominada á mellor película de animación nos Premios Goya 2007.



Portada e dúas páxinas interiores de *Crónicas Incongruentes*.



Portada da edición española e brasileira e páxina interior de *Trazo de Tiza*

## **Trazo de tiza**

*Trazo de tiza* foi a primeira historia longa do autor (consta de 63 páxinas de historieta en total), cuxa obra se compoñía ata entón de historietas de curta extensión, e rematou sendo tamén a súa obra máis coñecida e que tivo maior repercusión do autor, recolleitando unha longuísim listaxe de premios a nivel internacional, entre os que destacaremos o Premio Alph Art en Angoulême 1994 e o de Mellor Obra no Saló del Cómec de Barcelona 1994. Ademais de varios premios de menor renome en Europa, Prado tamén estivo nominado pola edición inglesa de *Trazo de Tiza* nos dous Premios máis importantes de EEUU, os Premios Eisner (na categoría de Mellor Pintor) e nos Premios Harvey (na categoría de Mellor Obra Estranxeira) ambos na súa edición de 1995.

A historia conta como, despois dunha treboada, en medio dun caloroso verán, un mozo viaxeiro perdido chega co seu barco a unha pequena illa do Atlántico que non aparece en ningún mapa. Unha illa na que soamente hai unha pequena pousada (rexentada por unha muller e o seu fillo), un faro que non funciona e un embarcadoiro cun muro repleto de mensaxes escritos por multitude de viaxeiros que pasaron pola illa. Alí atoparase cunha estraña muller que tamén estaba de paso pola illa, esperando a alguén...

## A palabra da crítica

"Escaparate de una talento gráfico y narrativo inusual, su obra se erige en una reflexión precisa y descarnada sobre la condición humana, profundiza en las dificultades que plantea la comunicación del individuo con su entorno y oscila entre el esperpento y la introspección."

-- Eduardo García Sánchez, *U, el hijo de Ulrich* #14

"He's one of the most amazing artists working..."

-- Neil Gaiman, autor de *The Sandman*, entrevistado en [Newsarama](#) (junio 2003)

"Gracias a su inteligente juego estructural, a la excelente ambientación y caracterización de los personajes y a unas planchas de una belleza poco menos que mesmérica, *Trazo de tiza* se erigió como una de las lecturas más gratificantes de la década."

-- Óscar Palmer e Eric Frattini, no libro [Guía básica del cómic](#)

"[*Fragmentos de la enciclopedia délfica y Stratos*] revelaron a un autor preocupado por su entorno físico y social, capaz de promover en el lector la reflexión sin anteponer el mensaje a la narración, una característica en principio ideal pero indudablemente no al alcance de cualquiera. Este rasgo se acentuó en su siguiente serie, *Crónicas incongruentes*, una sucesión de episodios esperpénticos narrados en clave de cartoon, de un humor realmente sangrante y una crítica descarnada. A las situaciones kafkianas y absurdas se les unió además el uso del color, lo que es de agradecer siendo Prado como es uno de los autores que mejor lo utilizan en este país."

-- Eric Frattini e Óscar Palmer, no libro [Guía básica del cómic](#)

"[*Trazo de Tiza* es] un álbum complejo desde un punto de vista estructural que ofrece diferentes niveles de lectura, al tiempo que exige una atención especial por parte del lector. (...) Los paisajes atlánticos de su Galicia natal le sirvieron [a Prado] como base para dar forma a una isla, metáfora del aislamiento del individuo. También un marco claustrofóbico de atmósfera irreal para la historia que narra. Aparentemente, ésta es la crónica de una atracción amorosa algo enfermiza y equívoca. Pero Prado desea llevarnos más allá, siempre y cuando queramos acompañarle. Nos propone un juego de complicidad que trasciende la lectura lineal. Para ello nos proporciona todos los elementos para completar la historia, sólo que éstos no siempre se encuentran en primer plano. Si se desea participar, debe prestarse una atención especial a los detalles, reunir las piezas del rompecabezas para obtener conclusiones propias. (...) por encima de sus diferentes niveles de lectura, *Trazo de tiza* participa de las constantes temáticas de la obra de Prado (...) Por un lado, la incomunicación y la soledad derivada de la misma. Por otro, el transcurrir del tiempo."

-- Eduardo García Sánchez, *U* #20 (junio 2002)

## +Info

- Extensa e interesantísima entrevista en *U, el hijo de Urich* #14 (La Factoría de Ideas, xaneiro 1999). 41 pxs de entrevista, máis bibliografía e 6 pxs de bocetos e debuxos raros.
- Ficha de Prado en [Ui ar de japis](#). Atención especial á galería que se inclúe dunha serie de (preciosas) ilustracións de Prado aparecidas en 2003 no suplemento dominical de El Periódico, na que o galego retrata diferentes cidades do mundo.
- [Ficha](#) de Prado en Lambiek.net
- [Ficha](#) de Prado en CulturaGalega.net. Inclúe galería de imaxes e entrevista co autor.
- [Entrevista](#) con Prado en UniversoHQ.com
- Entrevista (3 pxs) e breve presentación e cronoloxía do autor en *Nemo* #27 (La Factoría de Ideas, decembro/2003).
- [Preview de Trazo de tiza](#) na web da súa editorial USA, NBM Publishing.
- [Blog promocional de De Profundis](#), inclúe trailer da longametraxe e unha entrevista en vídeo con Prado.

## Preguntas

Debes contestalas no blog do e-Club de Lectura

1. En Trazo de Tiza hai unha especie de elipse temporal provocadora de parte do misterio que voa sobre toda a historia. Ao final parece resolverse o misterio para nós, non para a personaxe que, segundo as palabras de Borges, fáltalle a información que nós como espectadores temos. Cal é esa elipse temporal e que papel xoga nela a inscrición do peirao?
2. Poderías explicar cal é o significado do título do cómic, "Trazo de tiza"?
3. As dúas mulleres que aparecen na historia, Ana e Sara, son evidentemente personaxes contrastantes, dous polos nos que gravita a personaxe de Raúl. Poderías definir as características de cada unha delas e aportar dous adxectivos que as definiran?
4. Cales son os elementos que explicitamente indica Miguelanxo Prado que colleu prestados para a realización da historia? De onde os tomou prestados?
5. O autor indica que tiña preparados dous epílogos para a historia que finalmente rexeitou pensando que o lector de cómics non soe introducirse profundamente na obra, que máis ben a sobrevoa. Constrúe o teu propio epílogo da historia.

## Que podes ler na Biblioteca do Porriño si che gustou Trazo de Tiza por...

### ... o seu autor

- *Pedro y el lobo* / Miguelanxo Prado
- *La mansión de los Pampín* / Miguelanxo Prado
- *Fragmentos de la enciclopedia délfica* / Miguelanxo Prado
- *Quotidianía delirante : obra completa* / Miguelanxo Prado
- *Stratos* / Miguelanxo Prado
- *Crónicas incongruentes* / Miguelanxo Prado
- *Manuel Montano : el manantial de la noche* / Miguelanxo Prado, Fernando Luna



### ... polas ilustracións de Prado

- *Cos pés no aire* / Agustín Fernández Paz ; ilustracións, Miguelanxo Prado
- *Rapazas* / Agustín Fernández Paz ; ilustracións, Miguelanxo Prado
- *As flores radiactivas* / Agustín Fernández Paz ; ilustracións, Miguelanxo Prado
- *Retorno a Tazen Ata* / X.L. Méndez Ferrín ; deseño e ilustracións, Miguelanxo Prado
- *Bala perdida* / Manuel Rivas ; ilustración de Miguelanxo Prado
- *As aventuras de Said e Sheila* / Ramón Caride ; [ilustracións, Miguelanxo Prado]
- *O xabaril branco* / Tucho Calvo ; debuxos, Miguelanxo Prado
- *Historias para calquera lugar* / An Alfaya ... [et al.] ; ilustracións de Miguelanxo Prado



### ... o tema do mar nos cómics

- *El navío de piedra : leyendas de hoy* / Bilal, Christin
- *Las trampas del mar* / Serafini-Paccalet ; versión castellana: Esther Benítez
- *El archipiélago del ron* / Barck, Cauvin ; traducción, M. Hispano
- *El juramento de la torre negra* / [textos, F.] Corteggiani ; [ilustraciones, P.] Tranchand
- *A estrela misteriosa* / Hergé ; [traducción de Valentín Arias López]
- *Stock de coque* / Hergé ; [traducción de Valentín Arias López]
- *O segredo do "Alicorno"* / Hergé ; [traducción de Valentín Arias López]



### ... e ademais

- *Corto Maltés en Siberia* / Hugo Pratt
- *Fábula de Venecia* / Hugo Pratt
- *Historia universal de la infamia* / Jorge Luis Borges
- *Narraciones* / Jorge Luis Borges
- *El Aleph* / Jorge Luis Borges

